

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES e AXENCIA GALEGA DE  
INNOVACIÓN

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no <i>Diario Oficial de Galicia</i> )

SUMARIO:

*RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2018 pola que se adjudican as axudas do anexo I, modalidade A, da Orde do 30 de abril de 2018, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

TEXTO

A Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio), establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (en diante Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto da modalidade A do Programa de apoio á etapa posdoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para ampliar a súa formación no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato dun máximo de dous

anos de duración para a realización de estadías no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (en diante EUA) para o programa de bolsas da Xunta de Galicia-Fulbright, nesta convocatoria ata dez persoas investigadoras posdoutorais da modalidade A contratadas polas universidades do SUG que desenvolvan os dous anos de estadía en EUA terán a condición de borseiras Fulbright, e contarán co apoio da Comisión Fulbright.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2 do anexo I os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas da modalidade A do Programa de apoio á etapa posdoutoral.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema universitario de Galicia (SUG), coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 4 do anexo I da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 5 do mesmo anexo.

O resultado desta avaliación entregóuselle á comisión de selección definida no artigo 10 da orde de convocatoria, que asignou ata un máximo de 5 puntos a aquelas solicitudes que acadaron a puntuación mínima indicada no artigo 5 do anexo I, en función da pertenza da persoa candidata a un grupo, equipo de investigación, agrupación estratéxica, unidade de excelencia ou centro dos definidos no mesmo artigo 10. A comisión de selección elaborou un informe para os órganos instrutores no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á persoa titular da Presidencia da Gain, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 13 de setembro de 2018, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

## RESOLVEMOS

Primeiro. Conceder as axudas da modalidade A de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 30 de abril de 2018 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no anexo I, no que se reflicten tamén as solicitudes presentadas por unha universidade do SUG que obteñen a condición de bolseiras Fulbright.

Segundo. Establecer dúas listas de agarda, unha por cada órgano instrutor, que se inclúen como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 10. Nestas listas figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 5 do anexo I da convocatoria.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o 16 de outubro de 2018, agás para as persoas non comunitarias que poderán asinar o contrato ata o 30 de novembro de 2018.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 14 da bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 45 axudas

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020, polo que a anualidade de 2021 se integrará no novo plan de financiamento para os anos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Universidade	Axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
09.40.561B.444.0	UDC	4	13.751,11	180.400,00	177.404,44	145.244,44	516.800,00
09.40.561B.444.0	USC	28	94.103,11	1.214.320,00	1.195.505,78	1.016.711,11	3.520.640,00
09.40.561B.444.0	UVIGO	13	43.034,22	549.629,78	554.051,56	472.044,44	1.618.760,00
Total		45	150.888,44	1.944.349,78	1.926.961,78	1.634.000,00	5.656.200,00

Demais entidades indicadas no artigo 2: 6 axudas

De acordo co establecido no artigo 20 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos da Gain adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias. En consecuencia os ditos créditos teñen a seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Entidades	Axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	2	6.733,34	86.674,66	78.649,78	72.622,22	244.680,00
09.A3.561A.403.0	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	1	3.366,67	43.500,00	42.822,22	36.311,11	126.000,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	2	6.408,00	79.680,00	78.649,78	72.622,22	237.360,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	1	3.366,67	43.500,00	42.822,22	36.311,11	126.000,00
Total		6	19.874,68	253.354,66	242.944,00	217.866,66	734.040,00

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Gain no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

sétimo. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobro parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, **26 SET. 2018**

Román Rodríguez González




Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Francisco Conda López

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e Presidente da Axencia Galega de Innovación

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza



Beatriz Cuiña Barja

ANEXO I. Axudas concedidas

Universidades do SUG

Universidade da Coruña

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Titulación do SUG?	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B 2018/053	UDC	Cid	Montoya	Miguel	*****92D	Si	Enxeñaría e Arquitectura	3	3	89,5
ED481B 2018/045	UDC	López	Salas	José Germán	*****40A	Si	Ciencias	2	2	88
ED481B 2018/046	UDC	Moncunill	Solé	Blanca	*****22Z	Non	Ciencias	2	2	79,57
ED481B 2018/048	UDC	Puente	Castelo	Luis Miguel	*****85S	Si	Artes e Humanidades	2	2	68

Universidade de Santiago de Compostela

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Titulación do SUG?	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B 2018/007	USC	Casanova	González	Noelia	*****05S	Si	Ciencias	2	2	100
ED481B 2018/085	USC	Cal	González	Jacobo	*****69P	Non	Ciencias	2	2	94,5
ED481B 2018/029	USC	Castro	Redondo	Rubén	*****70K	Si	Artes e Humanidades	2	1	94
ED481B 2018/050	USC	Seoane	Collazo	Patricia	*****06L	Si	Ciencias da Saúde	3	3	92,25
ED481B 2018/055	USC	Maneiro	Rey	María	*****74L	Si	Ciencias	2	2	92
ED481B 2018/016	USC	Alcolea	Gracia	Marta	*****31A	Non	Artes e Humanidades	2	2	90,5
ED481B 2018/036	USC	Sampredro	Mella	María Carmen	*****28Q	Si	Artes e Humanidades	2	2	89,4
ED481B 2018/017	USC	Capson	Tojo	Gabriel	*****56S	Si	Enxeñaría e Arquitectura	3	3	89
ED481B 2018/006	USC	Rodríguez	Cano	Rubén Agustín	*****67J	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	87,5
ED481B 2018/091	USC	García	Souto	Daniel	*****72D	Si	Ciencias	2	2	87,4
ED481B 2018/044	USC	Porteiro	Couto	Begoña	*****13L	Si	Ciencias da Saúde	2	2	87,12
ED481B 2018/088	USC	Martínez	Ballesteros	Víctor Hugo	*****95E	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	1	86,2
ED481B 2018/008	USC	Salas	Sánchez	Aarón Ángel	*****79V	Si	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	83
ED481B 2018/014	USC	Carrero	Pazos	Miguel	*****38Z	Si	Artes e Humanidades	2	2	81,2

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Titulación do SUG?	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B 2018/024	USC	Pereira	Ares	Noemí	*****05G	Si	Artes e Humanidades	2	2	80,8
ED481B 2018/001	USC	Negri		Manuel	*****80K	Si	Artes e Humanidades	1	2	80,5
ED481B 2018/009	USC	Rial	Hermida	María Isabel	*****07B	Si	Ciencias da Saúde	1	1	79,3
ED481B 2018/013	USC	Abuín	Mosquera	José Manuel	*****28D	Si	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	77,2
ED481B 2018/004	USC	Cebreiro	Ares	Francisco	*****51T	Si	Artes e Humanidades	2	2	77
ED481B 2018/027	USC	Conde	Amboage	Mercedes	*****38V	Si	Ciencias	2	2	76,5
ED481B 2018/002	USC	Souto	Pereira	Sandra	*****41W	Si	Ciencias da Saúde	2	2	76,25
ED481B 2018/041	USC	Serrano	Losada	Mario	*****47N	Si	Artes e Humanidades	2	2	75,2
ED481B 2018/084	USC	Zapata	Huamani	Guillermo Andrés	*****52Z	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	74,4
ED481B 2018/070	USC	De Azevedo	Gomes	Ana Manuela	*****22J	Si	Ciencias da Saúde	2	2	70,5
ED481B 2018/043	USC	Bermúdez	Beloso	Mariña	*****80P	Si	Artes e Humanidades	2	2	70
ED481B 2018/031	USC	González	Villar	Alberto Jacobo	*****53P	Si	Ciencias da Saúde	1	2	69,25
ED481B 2018/018	USC	García	Menéndez	Vanessa	*****75B	Non	Ciencias da Saúde	2	2	69
ED481B 2018/047	USC	Montero	Ferrer	Carmen	*****48P	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	68

### Universidade de Vigo

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Titulación do SUG?	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B 2018/060	UVIGO	Sánchez	Vázquez	Pablo Breogán	*****69H	Si	Enxeñaría e Arquitectura	2	3	93
ED481B 2018/069	UVIGO	Eiras	Barca	Jorge	*****56E	Si	Ciencias	3	3	91,5
ED481B 2018/071	UVIGO	Flórez	Fernández	Noelia	*****74D	Si	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	90,5
ED481B 2018/062	UVIGO	Vázquez	Domínguez	Marta	*****79V	Si	Ciencias	1	1	89,5
ED481B 2018/058	UVIGO	Plaza	Morlote	Maidier	*****51H	Si	Ciencias	2	2	87,5
ED481B 2018/077	UVIGO	Hernando	Morales	Víctor	*****93B	Si	Ciencias	2	2	86,7
ED481B 2018/075	UVIGO	Cerqueira	Cancelo	Beatriz	*****92C	Si	Ciencias	2	2	85,8
ED481B 2018/074	UVIGO	Soto	Oñate	David	*****65W	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	78,4
ED481B 2018/066	UVIGO	Rodríguez	Vila	Alfonso	*****11V	Si	Ciencias	2	2	77
ED481B 2018/059	UVIGO	Rodríguez	Flores	María Shantal	*****98S	Si	Ciencias	1	2	71,4

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Titulación do SUG?	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B 2018/073	UVIGO	Pérez	Paz	Alicia	*****02A	Si	Ciencias	2	2	69
ED481B 2018/095	UVIGO	Fernández	González	Raquel	*****27W	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	1	68,5
ED481B 2018/096	UVIGO	Meijide	Fernández	Jéssica	*****80V	Si	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	67,5

Destas solicitudes obteñen a condición de bolseiras Fulbright as seguintes:

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Titulación do SUG?	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B 2018/069	UVIGO	Eiras	Barca	Jorge	*****56E	Si	Ciencias	3	3	91,5
ED481B 2018/053	UDC	Cid	Montoya	Miguel	*****92D	Si	Enxeñaría e Arquitectura	3	3	89,5
ED481B 2018/006	USC	Rodríguez	Cano	Rubén Agustín	*****67J	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	87,5
ED481B 2018/074	UVIGO	Soto	Oñate	David	*****65W	Si	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	78,4

### Demais entidades do artigo 2 da convocatoria

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
IN606B-2018/007	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	Samayoa	López	Luis Fernando	*****77N	Ciencias	2	2	97,3
IN606B-2018/004	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Abella	Cajigal	Vanessa	*****80A	Ciencias da Saúde	1	1	90,5
IN606B-2018/010	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Pereiro	González	Patricia	*****57R	Ciencias	2	1	87,5
IN606B-2018/009	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Almécija	Pereda	Clara	*****41E	Ciencias	2	2	76,8



Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
IN606B-2018/008	Fundación Profesor Novoa Santos	López	Díaz	María	*****29T	Ciencias da Saúde	2	2	74,5
IN606B-2018/006	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Roel	Sánchez	María	*****75Y	Ciencias da Saúde	2	2	72,925

## ANEXO II. listas de agarda

### Universidades do SUG

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
ED481B 2018/068	UVIGO	Blanco	Cartagena	Andreu	*****34G	Ciencias	2	2	79,4
ED481B 2018/025	USC	Benítez	Trinidad	Carlos	*****69G	Artes e Humanidades	1	1	75,5
ED481B 2018/103	UVIGO	Sacha		Petr	*****13G	Ciencias	2	2	74,5
ED481B 2018/063	UVIGO	Méndez	Quintás	Eduardo	*****87Z	Artes e Humanidades	1	1	74
ED481B 2018/023	USC	Vargas	Osorio	Zulema	*****90C	Ciencias	2	2	69
ED481B 2018/011	USC	Busto	Ulloa	Saray	*****43G	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	66,5
ED481B 2018/076	UVIGO	Forján	Castro	Rubén	*****49C	Ciencias	1	1	66,36
ED481B 2018/093	UVIGO	Bao	Fente	María Concepción	*****26S	Artes e Humanidades	1	1	66
ED481B 2018/010	USC	Karimjanov		Ikboljon	*****08S	Ciencias	2	2	65,5
ED481B 2018/098	UVIGO	Varela	Rodríguez	Rubén	*****86Q	Ciencias	1	1	65,5
ED481B 2018/033	USC	Costa	Besada	María Alicia	*****58T	Ciencias da Saúde	2	2	65,18
ED481B 2018/082	UDC	Fernández	Pernas	Pablo	*****34D	Ciencias da Saúde	2	2	63,425
ED481B 2018/049	UDC	Ramadan Farrag AbdelHafez		Yousuf	*****64M	Ciencias	2	2	62,5
ED481B 2018/005	USC	Romau	Sanjurjo	Daniel	*****50Y	Ciencias da Saúde	1	1	61,5
ED481B 2018/042	UDC	Monaco		Leidamaria	*****50P	Artes e Humanidades	2	2	60

**Demais entidades do artigo 2 da convocatoria**

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
IN606B-2018/011	Fundación Profesor Novoa Santos	Álvarez	Fraga	Laura	*****47D	Ciencias da Saúde	3	3	72,75
IN606B-2018/001	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	López	Villamor	Adrián	*****32X	Ciencias	1	1	62,8